



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE XANEIRO DO 2.009**

<p><u>Sres. Asistentes.</u></p> <p><u>Sr. Alcalde:</u> Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> Dn. Francisco García Prego Dna M<sup>a</sup> Victoria Montenegro Paz Dna Ana M<sup>a</sup> Fernandez Coira Dn. José Salvador Ferreiro Montenegro. D. Manuel Rodríguez Doval. Dna Belén Abeal Pérez Dn. José Manuel Cendán Fernández. Dn. Francisco José Echevarría Lage. Dn. Fernando Otero Prieto. Dna Josefina Martínez Martínez Dna Mercedes Grande Regueiro D<sup>a</sup> Luis Cendán Fernández.</p> <p><u>Sr. Secretario:</u> D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e dez minutos, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

**Punto nº 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓN CELEBRADAS POLO CONCELLO PLENO OS DÍAS 20-11-2008 E 27-11-2008.-**

Intervén o Alcalde-Presidente: “O primeiro punto da orde do día que trata da aprobación se procede das actas das sesións celebradas polo Concello de 20 de novembro de 2008 e 27 de novembro do 2.008; se non hai intervencións parsamos ao punto nº 2, se entenden aprobadas por asentimento.”

**Punto nº 2.- DAR CONTA DAS SENTENCIAS:**

**A.- XULGADO INSTRUCCIÓN NÚM. 1 DE FERROL DE 01.10.07 “XUIZO DE FALTAS NÚM 433/07 .**

**B.- XULGADO CONTENCISO ADMINISTRATIVO DE 24-11-08.**

**C.- XULGADO DO SOCIAL. SENTENZA 89/08, DE 22-12-08**



Intervén o Alcalde-Presidente: “Intervén o Sr Secretario para dar lectura aos fallos”.

Toma a palabra o Sr Secretario: “Sentenza de 1 de outubro do 2007 de faltas. Fallo: que debo absolver e absolvo a Nicolás Manuel Rivera López con DNI 32.570.921 da falta contra as persoas pola que venía sendo denunciado declarándose de oficio as costas procesais.

Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo de 24/11/08. Fallo: Estimo o recurso Contencioso Administrativo interposto por Dna M<sup>a</sup> Ana López Fernandez, Concepción Dragó Porta, Benito José Calvo Catsro, Alfonso Portela Martínez, José Luís Castro Feijóo, en relación coa resolución do Concello de Ares de data 12 de setembro do 2007 pola que se acordou:

1º.- Estimar improcedentes as alegacións deducidas polos interesados.

2º.- Estimar en su integridade o recurso de reposición inetrposto por Dna Victoria Montenegro Paz contra os nomeamentos e bases que rexiron a oferta de emprego público do ano 2006 deste Concello anulando ambos actos administyrativos e retrotraendo as actuacións ao momento inmediatamente anterior á redacción das bases específicas da OEP 2006 a fin de que se retome o procedemento dende ese intre.

3º.- Os interesados, en virtude da presente recuperarán a relación xurídica laboral existente con anterioridade á súa situación estatutaria.

4º.- A presente resolución en base a danos difíciles de reparación e non afecta a intereses públicos se suspende en canto á súa eficacia ata tantop en canto non se reafirme en relación a Dna M<sup>a</sup> Concepción Dragó Porta, dado que a súa relación xurídica anterior era de persoal de confianza da Alcaldía e cuio nomeamento houbera cesado en todo cao o 15 de xullo do 2007 día anterior á sesión constitutiva da nova Corporación. En todo caso se executará a presente resolución cando se provea reglamentariamente a praza.”

Declaro que non é conforme a dereito e o anulo totalmente sen facer especial imposición de costas. “

Sentenza do Xulgado do Social 89/08 de 22 de decembro do 2.008. Fallo: estimo en parte a demanda de Dna M<sup>a</sup> Ana López Fernández contra o Concello de Ares revocando totalmente as cinco sancións impostas a quedar sen efecto as mesmas. Se reintegra as retribucións retidas ou que ela devolvera. Se desestima a condea a intereses deses importes. “



Intervén o voceiro do Partido Popular: “Nós como dixemos no Pleno anterior, nós decidimos nas negociacións cos representantes dos traballadores, a funcionarización do persoal do Concello.

Por parte dun partido político se impugnou isto e quero facer unha reflexión, non só deste caso que está gañado, que é que cando a min me tocou herdar a OEP do bipartito PSOE-BNG como puido ser a funcionarización de Mayobre, Carmiña, facer Tesoureira a Mercedes, facer Cabo da Policía Local a José Ramón, ... eu cumprin coa OEP do ano 1999, ano electoral, cumplin co que deixou o goberno sainte. Entrar neste por parte do Concello non se deben facer máis recursos porque crean mal ambiente, entre traballadores e co Alcalde e creo que a reflexión que facemos nós non é bo xeito de proceder en recurrir isto cando o obxectivo de todos e así o pediron era a estabilidade.

Cando hai no traballo estabilidade, é mellor, facer funcionarización nas administracións públicas está poiado por parte do Estado e dos delegados Sindicais. Primeiro o quixemos facer coa casa consistorial e logo cos do taller, esa era a nosa intención. Nos alegamos de que saíra así.

Con respecto á segunda quero facer unha reflexión, creo que oito anos que estiven como Alcalde e tiven cantidade de sentenzas 99,9 % gañadas, e esta é unha das que máis me alegra a mín porque me sentín impotente con esta inxustiza a esta traballadora e quero dicir que cando se veu a dar conta ao Pleno desta Resolución da Alcaldía no Pleno do 29 de maio do 2008, a miña intervención, vai ser ilustrativa do dano que se fixo e o prexuízo e quero facer unha reflexión que foi a primeira vez e que sexa a última que se fai un expediente sin base xurídica nin bases para expedientar, humillar e vexar a unha traballadora do Concello e vou leer a miña intervención cando se deu conta das resolucións da Alcaldía nese Pleno:

“Manifestando que quero intervir no asunto do expediente disciplinario da Traballadora Social, e logo de miralo dicir que eu fun testigo responsable político neste Concello durante oito anos e ver as imputacións e suspensión de funcións que se lle fai nesta resolución creo e debo decilo aquí, que me parece inxusto, teño que deixar constancia desto no Pleno porque non se fixo caso á miña opinión, cando eu era o máximo responsable disto, e todas as imputacións que se fan aquí son mentira. Dúas ou tres delas son todo o contrario do que se dí, e a verdade vai imperar. Tardará cinco ou seis meses, pero a verdade vai imperar. Dicir que é ao revés, se verá que estou no certo.

Non se tivo en conta á miña opinión e sí a de xente de fora, dunha familia concreta, denuncias feitas coa mesma máquina e mesmo texto. A instrucción é unha chapuza completa. O tempo dirá e porá a cada un no seu sitio. Eu quero deixar constancia desto neste Pleno.



Esta funcionaria tivo que aguantar vexacións e agresións verbais e físicas por parte dunha concelleira, do Psicólogo e dunha funcionaria. Outra cousa é que se calara e non se abriu un expediente aos que se tiña que abrir, ó psicólogo e á funcionaria.

Neste mesmo caso o sr Rodríguez Doval manifesta que foi unha das persoas que solicitei e comparecín no procedemento facendo unha declaración acerca da actitude desta traballadora. Ás veces nos metemos en cousas e volvemos atrás e quedamos moi mal. Porque as cousas que non se rematan moitas veces é mellor non empezalas, e calquera caso do que eu sei e creo que sei bastante dese punto de vista profesional, dende o punto de vista do tratamento dos usuarios dos servizos sociais básicos, a actitude desta persoa deixaba moito que desecar.

Non me quero meter na intromisión na campaña electoral porque eso era para botado deste Concello. Lamento que esta traballadora volte a traballar neste concello cos usuarios. O Sr Manuel Cendán Fernández diñe ao Sr Rodríguez Doval que ten habilidade para acusar sen probas ás persoas e esta é unha máis.”

Esa foi a miña intervención nese Pleno. Quero deixalo claro que o que se fixo con esta persoa e quero facer unha reflexión e empezar polo sr Secretario que foi instructor do acto e o meu consello é que non se volte a producir e sendo compañeiros e sen imputacións claras e verse cunha compañeira, pois, os políticos estamos e mañá non, e hai cousas que se poden pasar ou non, e un funcionario ten que estar no seu sitio. Sen probas suficientes e veraces él foi testigo das situacións que se creaban no concello entre compañeiros e seguirá habendo roces, non só de funcionarios senón tamén na corporación, cada un pensa de distinta maneira. Creo que logo do que se fixo por parte do instructor primeiro e logo os políticos (PSOE, BNG, NAL) creo que o menos que se pode facer, sei que non o vades facer, e a sentenza é clara e dí o que eu decía, eu quero que isto non volte a ocorrer con ningún traballador e menos o secretario, que é un compañeiro e mirarlle á cara e que un Xuíz anule todo isto, facerlle isto a unha compañeira é duro esa é a miña opinión e á do Partido Popular.”

Intervén o Alcade-Presidente: “Non é procedente abrir debate nun punto onde se da conta.

Evidentemente as actuacións realizadas foron debidas a feitos que no seu momento foron denunciados, e cos que dalgún xeito esta corporación se veu obrigada a actuar. Non vamos coller as denuncias e tiralas. Se abre a instrucción e ésta culmina. Que logo en sede xurisdiccional se pensa doutro xeito, bueno, a Constitución Española garantiza o dereito á tutela xudicial efectiva, pero todos podemos ter a convicción do que aquí pasou. Vostede ten a súa, e me parece ben.”



Intervén o Concelleiro Sr Manuel Cendán: “Hai unha sentenza, houbo atropello”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Eu digo a convicción, non houbo atropello...”

Intervén o Concelleiro Sr Manuel Cendán: “Houbo atropello, a esta persoa se lle retirou o salario, estivo nun pasillo...”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Hai unha cousa, vamos por partes, mira Manuel, aquí estás imputando a comisión dun delito de acoso, e a comisión dun delito falsa é un delito. Que eu saiba a sentenza non dí o que ti acabas de dicir. Non acusa a ningún concelleiro de acoso ou maltrato. Eso o dís ti. Ti lle metes engadidos que son constitutivos de delito que encerran delitos de calumnias cara membros desta corporación. Pois hai Leis que protexen o dereito á honra e me parecería ben que te denunciaran Tes que limitarte ao fallo. Que se da a razón á traballadora. Non se fala de ningún concelleiro, nin que se lle fixera a vida imposible.”

Intervén o Concelleiro Sr Manuel Cendán: “Eu lín a miña intervención, non a sentenza, e se queres leo máis”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “A sentenza dí simplemente que os feitos que constan no expediente e que motivaron unha sanción, non se consideran probados, pois moi ben, evidentemente qué queres que te diga, se celebra un xuizo un xoves, a sentenza está o luns, destinan ao xuiz e quere ventilar os expedientes, un expediente de 500 páxinas, dudo que o leera, coa lentitude da xustiza, eu pregunto, e me dín que se vai destinado cara outro detino, xa o entendo, outra cousa é que hai que respetalo, pero non son tonto.

O que dí o Fallo, é o que dí o Fallo. Eu me atopei con denuncias cara esa traballadora, por certo de xente que metiche ti e que é máis túa que miña. O Psicólogo, quén o meteu, Montse, quén a meteu. Non me fastidies. Ese é un tema cocido baixo o teu mandato. Podía haber mal rolo e esta corporación actuou. O xuiz non deu a razón, vale. Pero acusar non. E estivo no pasillo porque a tivemos suspendida e tiñamos outra Traballadora Social. Cando ésta marchou, voltou ao seu despacho, non seguíu no pasillo. Non houbo mala intención.

Houbo un expediente efectivamente o Tribunal dí outra cousa, agora o resto, quizáis que ti engades esa mala intención e non hubo maltrato nin acoso. Se actuou en base a unhas denuncias e evidentemente a xurisdicción di outra cousa. Se houbera algo deso a traballadora o denunciaría.



É un delito e eu creo que non chegou ata ahí o punto. Efectivamente non estivemos de acordo e podes estar ou non con abrir o expediente, eso o comparto. Pero non se pode extraer nada malo deso.”

Toma a palabra o Concelleiro Sr Manuel Cendán: “Vou simplificar. Vivín o enfrontamente entre psicólogo e traballadora social, e os chamei, e o responsable da educación familiar no Concello era o psicólogo e eu o chamei e llo dixen e se me foi do despacho e eu fun o primeiro que estiven cinco ou seis meses crítico coa traballadora social. Él se me foi. Non quería reunirse coa traballadora. Se comezaron a levantar calumnias coa outra traballadora que metín, e non lle quería facer unha fotocopia. Só había máquina na secretaría da alcaldía e todo o mundo sabe a relación desa persoa connigo e non lle dín a razón e logo de tres anos non se me pode pasar factura por eso.

Eu era o Alcalde, e a miña verdade que declarei non contou. Eu me sentín impotente, a xente non cumpría co seu cometido. Eu aos meus concelleiros no seu día lles subín a orde da Xunta para que viran quen era o educador familiar e non valíu porque había mala fe.

Esa é a verdade. O resto son comedias e me gusta decir a verdade. Eu tiven á traballadora social cinco ou seis meses mal, e me arrepinto do que fixen tamén con ela. Isto acabou nesta sentenza e se lees dende o punto terceiro, isto o dixen eu por activa e pasiva e non me ten outra cousa. Eu o digo sempre, tiven problemas cos traballadores e os vai seguir habendo e nunca abrin un expediente e por temas moito máis graves. E non se abríu expediente aos traballadores nunca.

Estamos aquí, calquera ten un mal momento, traballadores e políticos. Cando estás gobernando nalgún momento de presións políticas te ven un traballador a decir calquera cousa arremetes toda a enerxía cos traballadores e éste se da contigo e esas cousas nos centros de traballo van existir e hai que ter coidado. Antes de abrir un expediente hai que meditar moito e demostrar e este manchón queda aquí para sempre. Pido que sexa a última vez que pase isto.”

Toma a palabra o Concelleiro Sr Luís Cendán: “Por alusións, quero contestar e fun como testigo ao expediente. Como dixen na primeira comparecencia eu non sei si procedía ou non abrir o expediente a esa traballadora nin a miña intención era perxudicar a ninguén, pero sí se me formularon preguntas e dixen a verdade. Foi cando no xuízo o mesmo, fun como testigo e me ratifico aquí, independentemente da sentenza, xa digo que non sei si foi convinte abrir expediente e insisto en que o que manifestei alí ás poucas preguntas que me formularon dixen a verdade e é máis, non se me preguntou máis do que sabía e contestei.



Me ratifico que como testigo o que manifestei tanto no expediente e a declaración do concello e no xulgado dixen a verdade. Outros aspectos, non vou entrar nin sair nin enxuzar. Pero o que eu manifestei foi a verdade.”

Toma a palabra o Secretario Municipal: “Como Instructor non podo falar do tema. A miña preocupación foi tramitalo coa máxima garantía e a sentenza dí que non houbo indefensión para a demandada, e que se desestima a prescripción máxime cando o expediente... tamén a declaración de nulidade por non tipicidade. Eu tramitei, cunha verdade ou outra, fota acertado ou non.”

Intervén o Concelleiro Sr Manuel Cendán:”Eu o que digo Manolo e que ti fixeche unha proposta de resolución do castigo dos sete meses.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente” Proposta reglada e qué vai facer. Consta no expediente”

Intervén o Concelleiro Sr Manuel Cendán:”Eu o que digo e que a mín non se me fixo caso, á miña verdade e se lle fixo caso a xente que anda por ahí. No pleno do 28/05/08 xa dixen que imperaría a verdade na xustiza. Está bastante claro. O único que pido é que non volte ocorrer. Desexo mentres eu esté neste Concello que non lle pase a ningún traballador.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Non se poden desoir as denuncias de ninguén e esa é a diferenza entre nós. Tiñas queixas e non as tramitache. ¿Abriche un expediente?. Eso de chamalos non é abrir un expediente. ¿Quén era o instructor?.”

Toma a palabra o Concelleiro Sr Manuel Cendán:”Cómo que non, eu os chamei e me asesorei na Xunta en servizos sociais e o último ano coa Directora Xeral de Servizos Sociais, polo que me contaba o psicólogo e me dixo que era o primeiro caso que se lle daba en Galicia, e que lle dera o seu teléfono ao psicólogo para que ela mesma lle explicara as súas funcións. Non me asesorei por unha persoa do Partido Popular, era do BNG.

Contrastado con xente cualificada nese tema. As acusacións do psicólogo estaban escritas e eran moi graves. Hai que contar a verdade. Eu a tiven cinco ou seis meses castigada.”



**Punto nº 3.- CORRECCIÓN ERRO ARITMÉTICO**

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “O contido deste punto é a corrección dun erro aritmético dunhas cantidades que figuran no expediente. ¿Se non hai intervencións o consideramos aprobado por unanimidade?”

Aprobada por unanimidade

**Punto nº 4.- ADHESIÓN SE PROCEDE Ó CONSORCIO DE TURISMO EFO “CONSORCIO FERROL ORTEGAL EUME”**

Toma a palabra o Alcalde-Presidente:” A actuación destes consorcios está proxectando e renovando, tivemos ocasión de debater un tema parecido con Costa ´Ártabra, hoxe Noroeste e estes grupos de actuación integral implican coparticipación e corresponsabilidade dos grupos que os integran e esta é a transformación do Plan de Dinaminación nun novo ente que se denomina Consorcio de Turismo, e isto esixe a adhesión e aprobación dos estatutos de momento non, agora só da adhesión, do ente que vai suceder a Plan de Dinamización e vai constituir este Consorcio Ferro, Ortegal Eume, se non hai intervencións o consideramos aprobado por unanimidade.

Acordo:

- 1º.- Aprobar a integración do Concello no Consorcio de Turismo Eume-Ferrol-Ortegal.
- 2º.- Facultar ao Señor/a Alcalde/sa-Presidente/a para a adopción de propostas e asinar os documentos necesarios para efectuar o presente acordo.”
- 3º.- Remitir copia do presenta acordo á Dirección Xeral de Turismo aos efectos oportunos.

**Punto nº 5.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO PLAN ESPECIAL DE PARQUES INFANTÍS 2009**

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Aquí se presenta unha solicitude de subvención á Deputación de A Coruña dentro do Plan Especial de parques infantís, temos un magnífico parque infantil, no parque Rosalía de Castro e precisamente as bases reguladoras deste Plan Especial permiten efectivamente pois sen dúbida mellorar as instalacións xa existentes e en consecuencia é





un proxecto de mellora do parque infantil do parque Rosalía no ámbito dun Plan Especial da Deputación Provincial.”

Toma a palabra o voceiro do BNG:” Indicar que somos favorables á solicitude e reiterar o que sempre dicimos que é que os asuntos que se traen a Pleno pasen por Comisión Informativa coa proposta que se fai estamos de acordo e vamos votar a favor.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Nos entregaron o proxecto moi tarde e o metimos en xunta de voceiros, non chegou a tempo para a Comisión Informativa. Procedemos á votación.

Aprobado por unanimidade a solicitude deste Parque Infantil.”

#### **Punto nº 6.- RESOLUCIÓN ALEGACIONES BNG,**

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Resolución das alegación presentadas polo BNG na aplicación do IPC nas Ordenanzas Fiscais 2009.”

Toma a palabra o voceiro do BNG: “O contido do noso escrito rexistrado con data 15 de decembro dentro do periodo para formular alegacións de particulares ou grupos, ten que ver coas razóns que nos levaron a non aprobar a proposta que se debateu no Pleno do 30/10/08 por diversas razóns.

A primeira delas era que nós non éramos favorables a unha aplicación lineal da subida do IPC en todos os impostos, primeiro porque nos parece un método automático, cando o que está a debate no seu conxunto é unha reclamación que vimos facendo dende que se formou esta nova corporación, e era un debate sobre a estrutura de taxas e prezos públicos do noso Concello porque entendemos que a estrutura merece esta modificación e porque nos parece que en momentos de crise a aplicación lineal dunha subida do IPC a todos os impostor non ten moito sentido.

Hai uns que hai que revisar e outros que por razóns sociais se poden deixar como estaban, como fixeron outras Corporacións de aquí al lado.

En segundo lugar no tocante a algún deles, especificamente, a do lixo, éramos favorables a un debate para corrixir un problema que vimos arrastrando dende varias corporacións, e somos todos responsables, que é a existencia dalgunhas paradoxas como que o recibo do lixo se está a



cobrar a toda a cidadanía nun importe similar mentres que a recollida non se fai igual na zona rural que na urbana.

E finalmente unha aclaración ao respecto de Montefaro. Ahí se mantén unha taxa polo cobro dun servizo denominado Prestación do Servizo do Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro que nós seguimos sen saber en qué consiste este servizo por parte do Concello e máxime nunha situación onde a propiedade das instalacións non é da propia Institución Municipal.

Por iso decíamos nós que cumpría unha aclaración dos servizos xurídicos do Concello unha aclaración de en qué consiste este servizo, e se temos o soporte legal para aplicar a taxa. É evidente que máis alá de abrir e pechar as portas, non se presta ningún servizo. Nin informativo. Nese aspecto é unha situación que o que pedimos é que se aclare ao marxe de poñer outra vez en tela de xuízo determinado tipo de actividades de tipo económico que se realizan no interior do Mosteiro, que non teñen cobertura legal, pero dende logo tampouco por parte do Concello nin do Ministerio de Defensa se está contemplando.

Esas son as razóns destas alegacións e dicir que nos sorprende poderosamente que esta alegación, presentada dende o 15/12/08 se traia o 29/01/09 e que xa estamos no exercicio 2009, e que a aprobación destas taxas xa debería ser definitiva.

Tampouco hai ningún escrito por parte do Secretario Xeral do Concello ao respecto da idoneidade ou non da presentación destas alegacións nin si se poden admitir ou non. Non sei o que vamos facer hoxe aquí, porque falta argumentación xurídica a parte da política, e ver si procedía algunha modificación ou rectificación, como no caso do Mosteiro.

Mantemos o contido das alegacións pero suliño aquí que é a primeira vez que as alegacións non están informadas nin se pasaran por comisión correspondente. Aquí non se me contestará o mesmo que antes, que a Memoria chegou tarde. E nos referimos a un acordo plenario de hai tres meses. Nin se nos pode dicir que paralizamos a maquinaria municipal con estas alegacións e iso non é a nosa responsabilidade.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “As alegacións son á subida da aplicación do IPC, automática, e esas alegacións non se amparan en legalidade, senon en criterior políticos de oportunidade. O informe xurídico se acompañou no seu momento co informe de secretaría e as alegacións son criterios de oportunidade política e non se precisa ningún informe que xustifique ou non unha revisión. Imperativo normativo non.

Igual que o tema de corrixir a situación dos núcleos rurais. É un criterio de oportunidade e non de legalidade. Igual que co tema de Santa Catalina, efectivamente se aprobou por parte do



anterior goberno e tampouco hai criterios de legalidade porque ahí se presta un servizo. Se alguén quere casarse no mosteiro e leva 200 invitados, non sei por qué o Concello ten que pagarlles a luz e a limpeza. Efectivamente o uso xera gasto, entón resulta que para a voda hai que poñer un caterig e se gsta luz nos microondas e o consumo quen o paga e a limpeza quen. Ou se alguen quere sacar fotos, e usar enchufes.

Estou convencido de que practicamente en todos os servizos que se prestan a taxa non cubre nin os gastos. Veñen cos lamparones e o consumo eléctrico coa taxa se satisface; creo que non.

En temas culturais e de promoción non se cobra; os alumnos visitan gratis. Non hai ningún problema. O modisto que quere facer unha promoción de moda coas modelos e despraza fotógrafos e polo menos se lle cobra a taxa para pagar a luz. Logo que se fai unha actividade en Santa Catalina, pois o Ministerio de Defensa que non ten o uso, non ten qué decir. E o Concello que ten o uso, pudiendo decir, non o dí. Creemos que fai máis ben que mal, que se abra, así vemos as averías.

Os edificios pechados se deterioran a ritmo máis vertiginoso. O que se abre se mantén. Se abre todos os día e se fan reparacións; a asociación de Amigos de Santa Catalina fai un bo traballo, os Moteros tampouco molestan a ninguén. Cando teñamos o Plan de Usos haberá que decirlles aos Moteros que vaian a outro sitio si é incompatible. Por iso digo que as alegacións son poíticas e efectivamente veñen a Pleno para ser votadas, e o grupo socialista vai votar en contra. Eso non significa que nunha comisión de facenda se revisen as ordenanzas, claro que hai que facelo, pero non podemos renunciar a que se aplique o IPC ás ordenanzas e perder cartos.

Hai que aplicar o IPC para non gravar ao Concello co coste do mesmo. Se non se aplican o paga o Concello as cousas non son gratis. As cousas hai que facelas no seu momento e non podemos paralizar a subida do IPC. As alegacións veñen a Pleno a ser votadas.”

Toma a palabra o voceiro do BNG: “Dúas cuestións. Eu non veño aquí a contrastar informes xurídicos, senón decir que eu tamén levo tempo aquí e sei quen me ten que contestar aos trámites procedimentais. Me parece ben a reflexión do Alcalde, pero procede un informe da secretaría.

Hai unha parte política, un debate que o damos nós aquí e outra parte xurídica porque hai alegacións presentadas en tempo e forma e se a Lei dí que se poderían ter en conta e pasar por boas, dende o punto de vista da Lei hai que admitilas, e habería que admitilas se hai un informe, so informe diría o que dirían sempre os informes que as razóns poden ser de tipo político ou de tipo legal pero ese escrito ten que existir porque existe en todas as corporacións.

Pasa na Deputación e hai un informe de Secretaría que dí si a motivación é política e que non entra a valorar si se admiten a nivel xurídico procedimental e o segundo lugar e que levamos



dous anos falando da modificación das taxas e é o segundo ano que non se da. Non quero entrara a debatir Montefaro; penso que neste caso a continuidade non é boa política. Hai casos que sí, aquí non.

Eu non falei de non cobrar aos que utilizan e os que fan o seu agosto económico que é a quen non lle cobramos en concreto dúas entidades que están alí. Pero ao cidadán normal que entra alí e paga 0,77 € por persoa non se lle presta ningún servizo. Isto haberá que revisalo. ¿Hai guía?, non.

Entrar e saír non, porque a Lei de Patrimonio Histórico Artístico e a Lei que fala dos Bens de Interés Culturais, como ocorreu co Pazo de Meirás, obriga á súa apertura, pero nin hai guía, e alí non hai ningún servizo, hai unha porta aberta, e en fronte *Estrella de Galicia*, *Coca Cola* e á dereita os Motearos metidos alí.

É un tema que non pretendo abrir aquí. Simplemente digo si o Secretario nas condicións actuais entende que o cobro desa taxa que se mantivo mentres o Ministerio de Defensa recuperou para sí o uso, polo tanto é unha boa ocasión para que tamén fagamos unha modificación e non sigamos con políticas continuístas que no caso do Mosteiro cómpre revisar.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Se houbera servizo de guía non sería a ese prezo, o prezo é ese porque quen visita o Mosteiro esixe que unha persoa esté alí. Ademais de ter que estar alí unha persoa por onde pasa se acenden as luces e se ten ganas de ir ao baño, vai, e eso ten mantemento.

O que visita xera gasto e se cobra unha miseria. Con guía se cobraría máis. Esta taxa se aplicou durante o tempo no que o Ministerio recuperou o uso, pero non nos privou del, o Concello de Ares non foi desahuciado, o Ministerio recuperou o uso porque rescindiu o convenio e non lle notificou ao Concello desposeerse das instalacións e ao Ministerio lle resultaba cómodo que o Concello estivera alí.

A posesión ten tutela xurídica e xera aparencia, é un mecanismo de publicidade material e ampara ese uso que a menos que o propietario impida que non impediu, porque nunca se lle privou ao Concello de Ares da posesión do Monasterio, e esa é a razón pola que foi legal seguir aplicando a normativa.”

Ten a palabra o voceiro do Partido Popular: “Nós votamos a favor do IPC no Pleno. Seguimos pensando o mesmo e somos coherentes e a día de hoxe coas circunstancias que vive o país e a recesión ao mellor a decisión a partir de agora debería ser outra como así están tomando algunhas corporacións que non aplican o IPC.



É unha irresponsabilidade, ao mellor o ano que ven sí, pero agora non se pode bloquear.

Creo que xa se dixo claro que tivemos a experiencia de non votar a taxa e meter ao Concello 5 ou 6 millóns de pesetas das de antes de débeda.

Debemos seguir apostando por esto e que as alegacións do BNG xa se aclarou por parte do Alcalde que os servizos hai que pagalos.

Teño unha anécdota, cando facíamos as vodas no xulgado e de aquela non había taxa, e levaba ao traballador que estaba de aquela para iso, que era Mayobre, se lle pagaban 5000 ptas, por ir os sábados a levar os expedientes das vodas ao xulgado, e non se poden xerar gastos ao Concello, a xente que os demanda ten que pagar.

Máis aínda co IPC das taxas, xa que hai contratos feitos por parte da administración co lixo, aquagest, etc e o IPC é por Lei, e a día de hoxe habería que tomar outra decisión e como esta decisión xa está tomada vamos manter a nosa postura do Pleno”

Intervén o Alcalde-presidente: “Procedemos á votación”

A favor

En contra

Abstencións

Quedan rexeitada sen prexuízo de que nunha Comisión de Facenda procedamos a unha revisión a fondo.

**Punto nº 7.- CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**  
**DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA**  
**PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DO ANETRIOR PLENO ORDINARIO**

Intervén o Alcalde Presidente “Dada conta das Resolucións Dictadas pola Alcaldía Presidencia dende a celebración da anterior sesión ordinaria o Concello Pleno dase por enterado.

Ábrese un turno de intervencións; Se non hai intervencións, pasamos ao punto nº 8.”

**Punto nº 8.- ROGOS E PREGUNTAS**



Intervén o Alcalde Presidente “Non habendo Mocións por vía de urxencia pasamos a abrir un turno de intervencións”

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular: “Nós levanos varios Plenos falando dos camiños, dos contenedores, falei co Concelleiro de Servizos, Pepe, o falei contigo, polos contenedores da rúa María sigo decindo que hai que poñelo en fronte, e os do Porto. Onte pasei por alí e os vín igual. Eso se pode cambiar e as cousas que se poden facer a cambio de nada hai que resolvelas.

Cun tema bastante importante non sei si viñeron aquí., eu hoxe tiveron unha xuntanza con tres nais que ma faloron do tema do gas do CPI e que se votaron as culpas entreo colexio e o Concello e que o que queremos saber é a versión do Concello porque eu antes de subir ao Pleno falei co Director e me dixo que estaba arranxado, que por parte da Consellería se mirara e se fixeron medicións e que o comentario da rúa trasladado polas nais foi que se votaron as culpas entre colexio e Concello. Me deu información o colexio pero agardo que aclaredes o que din as nais.

Por outra parte levamos varios meses sen comisións informativas de Facenda nin Urbanismo. Non sabemos cómo está o tema do PXOM, nin si hai licencias, e que pola Alcaldía se tomen medidas, e sobre Facenda para ver si hai gasto. Normalmente co tema da aprobación dos gastos esta comisión hai que convocala todos os meses, e hai temas como o gasto que xa é un mínimo para convocala.”

Intervén o Alcalde Presidente: “Con respecto á convocatoria das comisións, polo xeral se convocan e se poden convocar para falar de liñas estratéxicas ou aclaracións ou temas que pode haber. Moitos dos temas xa se levan a Pleno, e Xuntas de Voceiros e preguntas aos traballadores municipais se hai asuntos ou non para levar e mentres están elaborando o traballo.

En canto ao tema do Urbanismo, se contratou unha empresa para a elaboración das modificacións para adaptar as normas subsidiarias e esta empresa está tomando contacto co terreo dende decembro e agora está esbozando as propostas que se levarán a comisión sobre as actuacións que se podan facer dentro das NNSS. Nesa modificación puntual hai 15 ou 20 actuacións. As que teñan maioría se levarán a cabo e as que non, non. Aínda se está traballando sobre o terreo. Hai sitios que xa cae de caixón que se vai actuar, na praia de Seselle, no Clube de Remo, etc... se vai actuar e cae de caixón.

O PXOM é unha liña prioritaria, se asinou un contrato coa mesma empresa que traballou no primeiro. Esa empresa trasladou aos grupos a información e esa empresa agora ten que acomodar



seu traballo técnico para cumprir coa resolución. A adaptación pode tardar. Teñen que coller os traballos que deixaches e acomodalos. Ata que traian a proposta de adaptación, non se pode facer nada. Dende o punto de vista técnico teñen que traer a proposta, mentres estamos coa modificación puntual das NNSS.

O do colexio, creo que hai unha sensación de alarma que dende o punto de vista emocional afectivo comprendo, pero dende a realidade das cousas, creo que non. Eu falei con madres, é un contexto especial. O goteo de gasoil da olor, a profesora supervisa e efectivamente hai un control. Ningún dos nenos da aula do goteo teñen nada, os nenos da aula de en fronte teñen unha reacción que puido ser debida ao gasoil... creo que a alarma é esaxerada.

O neno que aporta un certificado médico é da aula de en fronte e se fala de conxuntivitis.

Hai un protocolo de seguridade activado. A que ten que actuar por encargo da Consellería de Sanidade é a tutora, e os médicos nos darán reporte. Está informada a Consellería e a Dirección do colexio.

Polo que se veu é un tema que podemos decir que non se corresponde coa alarma xerada. A preocupación dos pais é entendible. Que haxa que facer pública unha nota informativa, non asinada por ninguén, de pais que non se saben quenes son, podemos imaxinar. Poñer que hai constancia médica certificada de... é que eu leín e poñía irritación e conxuntivitis e de ahí a decir que hai nenos afectados por exposición ao gasoil, me atrevería a decir que faltan á verdade.

Non hai ningún certificado médico de que houbo esa exposición. Presumimos que os docentes actúan ante os casos. Pero constancia médica certificada, creo que non é. Nos pasarán os correspondentes informes a Mutua Galega e explicaremos o que pasou. Pensei que había un derrame pero cando vin o tubo, e vin que era un goteo, eso non plantea ningún problema. Non me dixeron que era un goteo.”

Toma a palabra o Concelleiro Sr Luís Cendán: “O día 22 de xaneiro a través dunha nota de prensa se facían públicos os proxectos que ían a constar no que é o Fondo Estatal de Inversión Local, este tema foi a Xunta de Voceiros para ver unha proposta concreta do BNG sobre a rede de pluviais ou abastecimento de Cervás, e falamos sobre o tema e quedamos en que o proxecto ese se ía encaixar con Augas de Galicia, como parece que é e cada voceiro deu a súa opinión de cómo debía ser a inversión e non se concretou nada dos proxectos e aquí a través desta nota de prensa que fas pública na que diste conta na Comisión de Obras e eu non formo parte desa comisión e te rogaría no sucesivo, que aínda que sexa competencia da Xunta de Goberno, e aínda que vaia á Xunta de Voceiros, pois nos des conta porque eu non formo parte da Comisión de Obras e a miña



sorpresa é porque hai proxectos dos que nunca oín falar e agora vexo que están aquí incluídos no fondo estatal de inversión local. Pola miña parte nada máis.”

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce hoas e vinte minutos polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO,